

Transcripción da CARTA DO ALCALDE AOS VECIÑOS DE ARNOIA

“Arnoia, a 14 de xullo de 1992.

Benquerido conveciño:

Como xa sabes, o noso concello, coa colaboración da Xunta, está a organizar unha viaxe dos veciños de ARNOIA emigrados a ARXENTINA E URUGUAI, en tempos nada doados.

Estes arnoianos que nunca puideron esquece-la súa terra, están pasando, na maioría dos casos, por unha época de “vacas fracas”, e, o menos que podemos facer é recoñece-lo moito que, nalgún tempo, fixeron pola súa Arnoia.

Os emigrantes a eses dous países mandaron fondos para que o seu pobo tivese luz eléctrica e iluminación pública (con tódolos beneficios que tal acción lle segue xerando o noso pobo); para a construción do reloxo de San Roque (que tantas liortas evitou a hora das regas); para mercar terreos para escolas e campo, etc....Constituíron sendos centros ARNOIA en Bos Aires e Montevideo, nos que recibían ós novos emigrados que chegaban a aquelas terras e buscábanlles traballo e teiro baixo o que poder vivir.

¿Qué familia non recibiu un paquetiño dos seus parentes de América?

Eles deron exemplo de solidariedade e de cariño ó seu pobo.

Agora, por fin, chegou o momento de recoñecerlles esa laboura e mostrarlle-la nosa estima. Pensa que tiveron que abandona-la súa familia e o seu pobo, obrigados polas circunstancias, e que sempre pensaron en voltar e nunca o puideron facer.

Chegarán o vindeiro día 28, alá polas 10 da noitiña e serán recibidos ás portas do Concello por tódolos arnoiaos que queiran vivir unha xornada inesquecible, única; O reencontro con veciños nosos que levan vintecinco, trinta e, incluso algúns, máis de sesenta anos ausentes fisicamente, mais lembrándose sempre desta terra.

Prégoche, desde o máis fondo do corazón, a túa colaboración e participación para que este acontecemento sexa un éxito.

Recibe unha aperta do teu Alcalde,”